

Rosalía en Salvador Cabeza de León: xuramento de amor a Galicia

CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL*

Sumario

Máis información sobre Salvador Cabeza de León.

Abstract

A new essential information related to the live and the poetry of Salvador Cabeza de León.

Salvador Cabeza de León, quen iniciara con Alfredo Brañas o movemento rexionalista nos finais do século XIX, manifestouse ao longo da súa vida como un defensor de Galicia e da súa cultura á que pretende elevar ao nivel máis alto e á categoría universal. Membro fundador da Academia Galega, nomeado por Murguía quen o consideraba como un fillo, sentiu devoción por Rosalía de Castro manifestada na súa obra e en toda a súa vida como intelectual e rexionalista.

Rosalía morre o 15 de xullo de 1885, feito que causou unha grande consternación en toda Galicia. Revistas e xornais de fóra e de Galicia informaron do falecemento e publicaron textos en prosa e en verso de moitos autores que quixeron homenaxeala nas diferentes linguas da península. A autora convértese así nun motivo literario ou leimotiv elexiaco que, como ben afirma Lucía García Vega¹, co paso do tempo, se transformaría en recorrente tema poético. A publicación galega *El Ciclón* que aparecerá dirixida por José Peña en 1883 co subtítulo de *Periódico satírico. Sopla todos los jueves*, o 18 de xullo de 1885, tres días despois da morte de Rosalía, publica un primeiro texto sen asinar titulado «Rosalía de Castro», seguido do escrito necrolóxico de Jesús Barreiro Costoya. A continuación aparece unha serie de composicións de diversos autores baixo o título de *Autógrafos do niño do ruiseñol*. Son poemas breves: en castelán os de Isidoro Casulleras, José A. G. Pertierra, Gumersindo Laverde Ruiz, Alfredo Brañas, Fortunato Rodríguez, Eduardo Pondal, Enrique Labarta e Luís Rodríguez Seoane; en galego o poema de Lisardo Barreiro, o de Juan Barcia Caballero, o de Javier Valcarce Ocampo quen remataba esta homenaxe lírica co poema «Na morte da ilustre cantora de Galicia Rosalía Castro de Murguía».

Aos quince días da morte de Rosalía, o 1 de agosto de 1885, a Sociedad Liceo de Artesanos da Coruña acordou celebrar unha *velada-certamen* en honor da poeta, presidida por Castelar. Os premios serían catro: dous para poemas en galego e dous para poemas en castelán co tema único de Rosalía de Castro. O xurado estivo presidido por Emilia Pardo Bazán. O prazo para entregar as composicións finalizou o 25 de agosto. O 2 de setembro tivo lugar a *velada* na que falaram Rodríguez Carracido, Castelar e Emilia Pardo Bazán que

* **Concepción Delgado Corral**, betanceira, é doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e catedrática de Lingua e Literatura do instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos.

¹ «Os espazos necrolóxico e elexiaco de Rosalía de Castro na prensa de Madrid e de Galicia», *Madrigal*, 2011, 14 81-92.

a presidía e que fixo a súa primeira lectura pública² co título «La poesía regional gallega». Os premiados foron a autora de Moruxo, Filomena Dato Muruais, polo poema en castelán «¡Lora!», e, en galego, Barcia Caballero, introdutor da psiquiatría en Galicia, autor de varios poemas dedicados a Rosalía³, e Francisco María de la Iglesia González, o autor do primeiro drama do Rexurdimento, *A fonte do xuramento* (1882).

O semanario *El Ciclón* do 5 de setembro de 1885 describe a velada, e posteriormente, o 12 de setembro, publica o poema «A Rosalía Castro» do poeta brigantino Fernando García Acuña⁴, datado en Rianxo en agosto de 1885 e que fora premiado «con mención honorífica» no Certame literario da Coruña, o 2 de setembro de 1885. O 26 de setembro publica o poema «Rosalía Castro», primeiro premio no certame celebrado pola Sociedad de Artesanos en honor de Rosalía. Este semanario foi unha das publicacións que máis espazo dedicou a honrar a Rosalía nos meses seguintes á súa morte, xunto con publicacións como *Gaceta de Galicia* e *O tío Marcos da Portela*.

Antes de cumprirse seis anos da morte de Rosalía, os días 25 e 26 de maio do ano 1891, realizouse o traslado dos restos mortais desde o cemiterio da Adina en Padrón até Santo Domingo de Bonaval. Levaron a iniciativa os rexionalistas que fundaran a «Asociación Regionalista Gallega» a raíz dos Xogos Frorae que se celebraron en Tui en xuño de 1891, creadores tamén do *boletín-revista: órgano oficial* co título de *La Patria Gallega*. Murguía presidía a Asociación Regionalista e tiña como vicepresidentes primeiro e segundo a Alfredo Brañas e Salvador Cabeza de León. *La Patria Gallega*, considerada como a mellor publicación da década, centrouse na homenaxe, que sería o punto de partida para moitas outras, coa descrición do traslado dos restos no que participou de maneira especial Cabeza de León quen formaba parte do Comité Central. Publicáanse textos en prosa e en verso nas diferentes linguas da península en varios números da publicación. No número cinco, especialmente dedicado a Rosalía, detállase pormenorizadamente o acto do traslado dos restos, e publícase a acta notarial na que Cabeza de León figura como testemuña, asinada polo notario Jesús Fernández Suárez, o 26 de maio de 1891. Con este acto quérese perpetuar a memoria de Rosalía cun monumento sepulcral no que participou activamente unha comisión de galegos na Habana enviando á Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago, da que Cabeza de León formaba parte importante, os fondos que reuniron. No proceso de reivindicación de Rosalía despois da súa morte o Centro Galego de La Habana xogou un importantísimo papel⁵; o diñeiro que se xuntara, enviado polos emigrantes de Cuba e o que se obtivo da subscripción popular iniciada pola Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago para o mausoleo en Padrón, foi, pasado o tempo, para construír o mausoleo en Santiago, co traslado dos restos. O director da Sociedad Económica de Amigos del País, Joaquín Díaz de Rábago e Manuel Murguía acordaron o estilo do mausoleo e o lugar: a capela da Visitación da igrexa de Santo Domingo de Bonaval e o escultor que sería Jesús Landeira.

2 Vide Rosalía de Castro, *Obras Completas*, segunda edición Aguilar, Madrid, 1947.

3 *El Alcance* publica o poema premiado de Barcia Baballero o 22 de setembro. O día 26 do mesmo mes aparece publicado en *El Ciclón*.

4 Fernando García Acuña naceu en Cuba en 1861. Veu con seus pais moi novo a vivir a Betanzos onde traballará como fundador, director e redactor dos semanarios brigantinos *El Censor*, *El Escobón* e *Las riberas del Mendo*.

5 Cf. Francisco Rodríguez, *Ánalse sociolóxica da obra de Rosalía de Castro*.

Cabeza de León, formando parte da comisión de galegos ilustres que presidían o acto de translación dos restos mortais de Rosalía, caracterizouse por ser dos máis activos, cousa que se manifesta no número especial de *La Patria Gallega* en honor a Rosalía. É el quen se pon en contacto coas personalidades de fóra, e a quen lle envían cartas sumándose ao acto Moseu Jacinto Verdaguer, Marcelo Macia, o fundador da novela moderna en Cataluña Narcís Oller, Leite de Vasconcelos e Oliveira Martins. Recibe e acompaña os restos en Santiago e encárgase de facer a crónica do recorrido nesta cidade até Santo Domingo; correspóndelle o traxecto desde Padrón e a descrición do mausoleo a José Tarrío, encargándose Alfredo Brañas da descrición do acto fúnebre. Con emoción escribe en castelán o texto para a publicación:

Al paso de la comitiva todos los comerciantes cerraron en señal de duelo. Al llegar aquella a la plazuela de la Universidad detúvose el carro mortuario delante del templo de Minerva. En toda la extensión que abarcaba la vista desde los balcones de éste, no se divisaba más que un inmenso mar de cabezas humanas, sin que ni un insignificante espacio quedase libre. A pesar de que miles de personas ocupaban la plazuela citada y la contigua del Instituto y las calles adyacentes, tan pronto se detuvo el fúnebre cortejo reinó un silencio sepulcral. El Orfeón Valverde dejó oír sus voces y la hermosísima composición de Stradella, *Pietà, Signore!* hizo asomar las lágrimas a todos los ojos.

O número cinco da publicación rexionalista ademais de dar información do acto é tamén unha homenaxe literaria a Rosalía con textos en prosa e en verso, en galego, castelán e catalán. Os poemas en galego son de Barcia Caballero, Alberto García Ferreiro, Antonio García V. Queipo, Curros Enríquez, Alfredo Brañas, Galo Salinas, Núñez González e Máximo Leyes Posse. Os poemas en Castelán son de Riguera Montero, Isidoro Casulleras e Cabeza de León. En catalán o poema de Teodor Llorente, «A la bona memoria de la poetisa Rosalía Castro», e o de Joaquín Rubió y Ors, «A la memoria de Na Rosalía Castro de Murguía», traducido ao galego por Cabeza de León.

O poema en castelán de Cabeza de León «En la muerte de Rosalía Castro de Murguía. Elegía» está dividido en tres partes. Na primeira parte fala da pena das flores e das aves pola morte do *ruiseñor* que cantou o derradeiro canto; a continuación diríxese á poeta que deixa a terra para ir con Deus. A segunda parte é un lamento pola morte e maniféstase o pesar por non ter quen cante a beleza da terra. A terceira parte é un pranto desesperanzado porque nunca volverá a cantar; o final mantén a esperanza nos cantares que están nos corazóns dos galegos e na paisaxe; o eu poético finaliza a composición xurando que a súa lira non cantará outros amores que non sexan os que a poeta cantou.

O poema en galego, «Na morte de Rosalía de Castro», que aparece como terceiro no libro *Primicias* é tamén un canto elexíaco pola morte de Rosalía. Deus enviou a un pobo galego morto este reiseñor para convertilo en grande e vivo. O reiseñor regresa a Deus cantando os encantos da terra galega.

Nas dúas composicións hai semellanzas: tanto na galega como na escrita en castelán moito máis longa, aparece Rosalía como un reiseñor que deixou para sempre os seus cantares no pobo, recollendo a figura do reiseñor que aparecerá como título dun conxunto de poemas dedicados a Rosalía en *El Ciclón: Autógrafos do niño do reiseñor*, e que recolleran tamén outros poetas.

No *Anuario* 2014 publicamos o poema en galego e a tradución do catalán. Aquí reproducimos o poema en castelán:

**En la muerte
de Rosalía Castro de Murguía**

Elegía

¡Entonó el ruiseñor su último canto!
 ¡Ya nunca más se oirá su dulce trino
 en la tierra infeliz que amaba tanto!
 ¡Errante y fatigado peregrino,
 herido del dolor por la punzada
 cayó al fin en mitad de su camino!
 Al saber la noticia infortunada
 las flores inclináronse hasta el suelo,
 cerrando su corola perfumada.
 «¡Ay tristes de nosotras!» sin consuelo
 en lágrimas bañadas, exclamaron:
 «¡Nuestro tierno cantor marchose al cielo!»
 Las aves en sus cánticos cesaron,
 y plegando las alas, tristemente,
 lastimeros quejidos exhalaban.
 Detuvo el Sar la rápida corriente
 y preguntó a los sauces de la orilla
 que en el agua mojaban su alta frente:
 «¿Por qué así os abatís? ¿Qué atroz mancilla
 vuestro rostro manchó? ¿Qué pesar fiero
 vuestros pechos hirió con su cuchilla?»
 «¡Ay! déjanos llorar, y tú el primero
 llora también ¡oh río!, tú que fuiste
 de la triste cantora compañero!
 ¡Aquella hada gentil a quien oíste
 cantar de nuestra patria la belleza,
del Sar a las orillas, ya no existe!
 ¿Quién expresar podrá con tu ternura,
 con tu alta inspiración ¡oh Rosalía!
 de esta tierra infeliz la honda tristeza?
 Al cesar de tu canto la armonía,
 lloró Galicia de congojas llena,
 vistió luctuosas tocas la poesía!
 Tu marchaste a habitar esa serena,
 región de paz, vergel de los amores,
 dó no vive jamás la amarga pena.
 En el seno de Dios a tus dolores
 consuelo perdurable has encontrado;
 luz y fuego sin sombra y sin ardores!
 Tú eres feliz mas ¡ay! el desgraciado
 pueblo galaico, que inspiró tus trovas

aún gime, siempre esclavo y resignado!
 Eras tú su consuelo y se lo robas!
 ¿Quién cantad de hoy mas nuestros pesares
 como tú los cantaste en *Follas Novas*?
 ¿Quién el encanto de los patrios lares
 nos dará a conocer? Quién perlas y oro
 tendrá para bordar nuestros *Cantares*?

Suevia gentil que Con el alma adoro,
 ¡rasga, rasga tu regia vestidura,
 y el tuyo sin consuelo une a mi lloro!»

II

No: no pudo morir. ¿Tan sin ventura
 ha de ser esta pobre patria mía?
 ¿No ha apurado su cáliz de amargura
 hasta las heces ya? ¿O puede impía
 sujetarnos por siempre nuestra suerte
 a perpetuo dolor, lenta agonía?
 ¿Nada ha de respetar, fiera, la muerte?
 ¿Todo-¡triste destino!-habrá nacido
 para caer, bajo su planta, inerte?

¿Quién sabe si su vuelo habrá emprendido,
 El tierno ruiseñor a otras regiones,
 y volverá a la tarde al patrio nido?
 Llena el alma de santas ilusiones
 en busca irá tal vez de selva ignota
 donde pueda ensayar nuevas canciones.
 Mas no temais que en tierra muy remota
 el dulce ruiseñor, plegue confiado
 las alas con que raudo el aire azota.
 No temais, no, que deje abandonado
 el nido donde tiene sus amores:
 ¿á cuál irá en que sea más amado?
 Cesen, pues, vuestras quejas y clamores;
 el ave volverá a entonar sus trinos,

y a cantar nuestro sol y nuestras flores.
 Inspirarán sus cánticos divinos,
 del roble las valientes melodías,
 los agrestes rumores de los pinos.

¡Con qué puras, sublimes armonías
 celebrados serán por la cantora
 nuestros triunfos, pesares y alegrías!

III

Mas-¡ay!-¿por qué, ilusión enganadora,
 con vanas esperanzas atormenta
 al corazón que sin cousuelos llora?
 Del terrible dolor la herida incruenta;
 ¿se hace menos sensible porque activo
 gratas quimeras el deseo mienta?
 ¿Conseguirá quizá hacer menos vivo
 su profundo pesar, su amargo duelo,
 llorando libertades el cautivo?
 No: ya nunca se oirán en nuestro suelo
 del ruiseñor los trinos melodiosos.
 ¡En alas de la Fé marchóse al cielo!
 ¡Ay! Que sus cantos puros, armoniosos,
 jamás logren borrar de la memoria
 los hijos de la patria cariñosos.
 Si hoy rico timbre son de nuestra gloria,
 mañana ocuparán lugarpreciado
 en las páginas de oro de la Historia.
 Ya que oír al cantor no nos es dado,
 resuenen ya por siempre sus canciones
 en el bello pais que tanto ha amado!
 ¿Qué importa que la lira entre crespones
 muda esté, si sus notas peregrinas
 vivas se hallan en nuestros corazones?
 Y si á olvidar llegamos las divinas
 canciones de la musa, las oiremos
 á los valles, los bosques y colinas.
 Dulce cantora, ¡adios! porque queremos
 honrarte, cual mereces ser honrada,
 un juramento ante tu tumba hacemos.
 Juramos que jamás, torpe o menguada
 cantará nuestra lira otros amores,
 que aquellos que en tu pluma enamorada
 vida hallaron, y luces y colores.

No número sete de *La Patria Gallega* aparece o poema en galego «A Rosalía de Castro» de Filomena Dato Muruais e o texto en prosa «Honremos a los muertos» de Salvador Golpe.

Catro nomes importantes do panorama literario galego e de Betanzos, considerando a Filomena Dato Muruais deste lugar por pasar moitas temporadas en Moruxo, aprecian e veneran a Rosalía no que vale, tributándolle unha homenaxe na creación en verso: Fernando García Acuña, Salvador Cabeza de León, Filomena Dato Muruais, e en prosa: Salvador Golpe. Fano despois da súa morte. Pero Cabeza recoñeceu como poucos a xenialidade de Rosalía e a importancia da súa rehabilitación para a causa de Galicia e está presente en todos os actos importantes no seu honor. Participa e dirixe o traslado dos restos como representante do Comité Central Regionalista, da Sociedad Económica de Amigos de Santiago e de *La España Regional* de Barcelona; escribe sobre o acto, está en contacto coa intelectualidade de Cataluña e de Portugal. Un ano despois publica no número dez de *La Patria Gallega* o traballo en prosa co título de «Una mirada atrás» lembrando o acto e identificando a Rosalía coas ideas rexionalistas. En 1897 os galegos residentes na Arxentina fan unha homenaxe a Rosalía, enviando unha coroa de bronce para o mausoleo de Santo Domingo á Sociedad Económica de Amigos do País que nomea unha comisión formada por Alfredo Brañas, Cabeza de León e Constante Amor para colocala coa maior

solemnidade posíbel, o que non se levará a cabo até o 30 de maio de 1899 cando se celebra unha velada-homenaxe no Ateneo León XIII co fermoso discurso de Cabeza de León quen reivindica a importancia dos cantares de Rosalía:

E cando o sol da xusticia brile no noso Ceo; cando a terra sea de Dios e dos irmás gallegos, entón, Rosalía, erguerémosche unha estatua xigantesca; anque teñamos que deixar sin follas os carballos e o chan sin frolos, faremos para ela con frolos e follas un pedestal tan alto que dende toda Galicia poida verse túa imaxen, e diremos os pobos xa redimidos: «¡Velahí a cantora que cos seus cantos alcendeu no noso espírito o fogo do viril entusiasmo!

Anos máis tarde Cabeza de León pode ver cumprido o desexo de erguerlle un monumento. Na velada literaria celebrada co motivo do descubrimento da estatua de Rosalía en Santiago o 30 de xullo de 1917 é de novo protagonista con un discurso cheo de patriotismo e celebrado por todos. En 1923 funda con Armando Cotarelo Valledor en Ortoño, lugar relacionado con Rosalía, o Seminario de Estudos Galegos.

Salvador Cabeza de León unía ao pensamento político rexionalista o cultivo da literatura nas linguas galega e castelá. Rosalía foi un símbolo para el e para a causa rexionalista, sempre ao servizo de Galicia. Coa obra literaria en galego e co seu uso na oratoria e no ensaio contribúe de maneira moi importante á restauración da cultura galega demostrando que a lingua galega era apta para calquera actividade. Importaba, antes da incorporación das novas correntes poéticas, regularizar o uso da lingua. Pero tamén era importante divulgar a trascendencia da figura de Rosalía e da súa obra dándoa a coñecer fóra de Galicia, e, sen dúbida o poema en castelán podía contribuír a resaltar os valores de Rosalía fóra.

Rosalía foi unha figura central na vida e na obra do humanista non só por considerala un símbolo da causa rexionalista senón tamén polo canto inmortal do reiseñor xurando con el amor eterno a Galicia.



*Rosalía de Castro
por Luis Sellier.*